



**MARCOS
REPRESAS**
(Clarinete)

Natural de Pontearreas (Pontevedra), nace en Vigo no ano 1972. Descendente dunha familia con profundas raíces musicais e artesanais, comeza a estudar solfeo aos 6 anos, e clarinete aos 9 na escola de música da Banda Xuvenil de Xinzo (Pontearreas).


Comeza os seus estudos de conservatorio en Pontearreas, continuándoos en Vigo, Santiago e A Coruña. Foi parte de diversos grupos de música de cámara; subliñase: Amadeus, Ensemble de clarinetes do Conservatorio de Vigo, Cuarteto "Divertimento", e Septimino de vento "Reveriano Soutullo".

Colaborou coa Xoven Orquestra de Galicia, así como con Bandas das catro provincias galegas. Nos anos 1987 e 1988 é invitado pola Nova Orquestra Nacional de España a participar nos encontros celebrados en Madrid, Oviedo e Santiago.

Foi director da Banda de Antas de Ulla, e profesor de clarinete no Conservatorio de Vilalba (Lugo).

Realizou cursos de perfeccionamento clarinetístico con: Walter Boeykens, Enric Lluna, Vicente Alberola, Hans Deinzer, Michelle Zukovsky, Richard Stoltzman, Wolfgang Meyer, Antony Pay, Andrew Marriner, Carlos Casadó, Wenzel Fuchs, Vicente Peñarrocha E Kid Macleod entre outros. Actuou como solista coa Banda Municipal da Coruña nos anos 1993, 2000, 2002, 2004 e 2009, agrupación da que forma parte desde novembro de 1991.

NOTAS AO PROGRAMA



**AMBROISE
THOMAS**

(5 de agosto de 1811 - 12 de febreiro de 1896)

Compositor francés. Naceu en Metz, estudou no conservatorio de París e foi un neno prodixio. En 1832 gañou o Gran Premio de Roma. Durante tres anos estableceuse en Italia, e visitou Viena en 1836 antes de volver a París. Alí comezou a compoñer para Opéra Cómica e tamén para Opéra de París. A súa máis famosa ópera, de estilo melódico francés, foi **Mignon**, estreada no 1866. Escribiu 20 óperas, entre outras: **A double échelle** (1837), súa primeira ópera; o **Carnaval de Venecia** (1857), **Hamlet** (1868) e **Francesca de Rimini** (1882). É o autor da orquestación oficial da Marsellesa. Morreu en París.



**CARL MARIA
VON WEBER**

(18 de novembro de 1786 - 5 de xuño de 1826)

Naceu en Eutin, unha cidade pequena próxima a Lübeck no norte de Alemaña, co nome completo de Carl Maria Friedrich Ernst von Weber. Seu pai era un oficial militar, que, con todo, dedicábase a tocar o violín, e súa nai cantaba nos escaerios. Suas catro priimas, fillas do irmán do seu pai, eran tamén cantantes coñecidas. Unha delas, Constanze, foi esposa de Mozart, co cal creouse un vínculo familiar entre Mozart e Weber.

Carl Maria von Weber compuxo un concertino e dous concertos para clarinete e orquestra.

Na mañá de hoxe escoitaremos o Concerto nº 2, no mi bemol maior, op. 74, que foi completado o

17 de xullo e estreado en Múnic o 25 de novembro por Bärmann.



**GERÓNIMO
GIMÉNEZ**

EL MÚSICO DEL GARBO

(Sevilla 10 de outubro de 1852 - Madrid 19 de febreiro de 1923)

Os seus inicios nos estudos musicais foron co seu pai, que despois continuou en Cádiz, con Salvador Viniegra. Foi un neno prodixio, que aos 12 anos ingresou como primeiro violín do Teatro Principal de Cádiz. Aos 17 anos xa era director dunha compañía de ópera e zarzuela. Debutou como director en Gibraltar coa ópera Safo de Giovanni Pacini.

Trasladouse a París tras obter unha beca, onde estudou violín con Delphin Alard e composición con Ambroise Thomas, conseguiu o primeiro premio de harmonía e contrapunto. Máis tarde, viaxou a Italia e logo instalouse en Madrid. No ano 1885 nomeóuselle director do Teatro Apolo de Madrid e pouco despois director do Teatro da Zarzuela. Ruperto Chapile encargou o estreo da súa zarzuela **El Milagro de la Virgen**, e tamén estreou **La bruja**. Inmediatamente foi nomeado director da Sociedade de Concertos, cargo que ocupou durante 12 anos. Dende esta posición realizou unha importante tarefa de difusión da música sinfónica contemporánea, contribuíndo a incrementar a afección filarmónica madrileña. Segundo Carlos Gómez Amat *"os que lle viron dirixir transmitíronnos o recordo dunhas execucións de gran forza e entusiasmo [...], cunha mímica imperceptible que conseguía aquilo que quería da orquestra"*.

Compuxo moito, frecuentemente con rapidez. Pero tamén colaborou cos mellores autores de sainete da época: Ricardo da Veiga, Carlos Arniches, Serafín, Joaquín Álvarez Quintero e Francisco Javier de Burgos e Sarragoiti.

PROGRAMA

“LIVING IN AMERICA”

I

RAYMOND
A. Thomas

(trans: T. Matsushiro)

CONCIERTO nº 2 en mi Mayor
(para clarinete e orquestra)

C.M. von Weber
(trans: J.L. Represas)

Clarinete: **Marcos Represas**

II

GERÓNIMO JIMÉNEZ “EL MÚSICO DEL GARBO”

LA TEMPRANICA
(Selección)

EL BAILE DE LUIS ALONSO
(Preludio)

(trans: J.L. Represas)

LA BODA DE LUIS ALONSO
* (Preludio)

(trans: J.L. Represas)

EL BAILE DE LUIS ALONSO
(Intermedio)

(trans: J.L. Represas)

*Interpretada por primeira vez poa BMC

Nota: polo ben de todos prézase desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



Compuxo algunhas obras coa colaboración de Amadeo Vives, quen cualificou a Giménez de "músico do garbo", polo seu sentido rítmico e o seu fácil melodismo.

En 1896 compuxo **El mundo comedia es**, ou **El baile de Luís Alonso** sobre texto xa estreado sen música, de Javier de Burgos. A raíz do éxito puxo música a outro sainete do mesmo autor cos mesmos personaxes, que se convertería nunha das súas obras máis soadas: **Las bodas de Luís Alonso** ou **La noche del encierro** (1897). Esta segunda parte, que como excepción tivo máis éxito que a primeira, non é unha continuación do seu argumento, senón que se trata dunha situación anterior no tempo. Das dúas se manteñen no tempo os popularísimos intermezos

Quizá é **La tempranica** a obra máis ambiciosa e mellor conseguida do autor. Estreouse no Teatro da Zarzuela o 19 de setembro de 1900, composta sobre o texto de Julián Romea. Giménez consegue misturar hábilmente momentos dun intenso lirismo con outros nos que estala o elemento popular, e que en palabras de Gómez Amat "é unha zarzuela con todas as virtudes do xénero e ningún dos seus defectos". Ademais, evidenciouse a influencia de Giménez no sinfonismo de Manuel de Falla, Joaquín Turina e outros compositores españois posteriores. A conexión estilística entre certos momentos da tempranica e a posterior ópera de Manuel de Falla, A vida breve, resulta evidente para calquera melómano. José Padilla diríxela en orquestra. Federico Moreno Torroba a transforma en ópera, musicando as partes faladas. Joaquín Rodrigo compuxo o ano 1939 unha obra en homenaxe a dita zarzuela: Homenaxe á Tempranica, con parte solista de castañuelas.

Ao final da súa vida atopouse nunha precaria situación económica, agravada por ser rexeitada a súa petición de acceso a unha cátedra do Conservatorio de Madrid. Morreu en Madrid, o 19 de febreiro de 1923.

La tempranica é unha zarzuela nun acto, dividido en tres cadros, en prosa, con música de Gerónimo Giménez e libreto de Julián Romea. Estreouse no Teatro da Zarzuela de Madrid, o 19 de setembro de 1900. En 1930, Federico Moreno Torroba transformou a zarzuela nunha ópera titulada **María la tempranica**, pero non

calou entre o público.

La tempranica pode considerarse unha obra breve e simple. Representase pouco na actualidade; nas estatísticas de Operabase aparece con só unha representación no período 2005-2010.

No entanto, destaca o número **La tarántula es un bicho muy malo**, que se converteu nunha das pezas favoritas das solistas nos concertos de zarzuela ou como propina musical ao final das actuacións.

El mundo comedia es ou **El baile de Luís Alonso** é un sainete lírico (zarzuela) nun acto, dividido en tres cadros, en verso, con música de Gerónimo Giménez e libreto de Javier de Burgos. Estreouse no Teatro da Zarzuela de Madrid, o 27 de febreiro de 1896.

El baile de Luís Alonso representase na actualidade; nas estatísticas de Operabase aparece con só tres representacións no período 2005-2010.

La boda de Luís Alonso ou **La noche del encierro** é un sainete lírico (zarzuela) nun acto, dividido en tres cadros, en verso, con música de Gerónimo Giménez e libreto de Javier de Burgos. Estreouse no Teatro da Zarzuela de Madrid, o 27 de xaneiro de 1897.

La boda de Luís Alonso representase na actualidade; nas estatísticas de Operabase aparece con só tres representacións no período 2005-2010, sendo a 1.ª de Giménez.

VINDEIROS CONCERTOS

PALACIO DA ÓPERA

Ciclo Inverno-Primavera

Domingo 13 de abril - 12.15 h.

PIANISTA SOLISTA: **JAVIER ARES**

DIRECTOR INVITADO: **JAVIER VICEIRO**

Domingo 27 de abril - 12.15 h.

MONOGRÁFICO LUIS SERRANO ALARCÓN

(DIRECTOR)


PALACIO DA ÓPERA

30 DE MARZO - 12.15 H.

DIRECTOR:

JOSÉ LUIS REPRESAS

**TEMPADA
2013/2014**



**BANDA
MUNICIPAL DE
MÚSICA
DA CORUÑA**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@aytolacoruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña